

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE REXEITAMENTO Á CONSTRUCCIÓN DO PARQUE EÓLICO MOECHE E DO PARQUE EÓLICO BADULAQUE, PROMOVIDOS POR ENEL GREEN POWER NOS MUNICIPIOS DE MOECHE, SAN SADURNIÑO, AS SOMOZAS E AS PONTES, O PRIMEIRO, E NOS MUNICIPIOS DE MOECHE, CEDEIRA, CERDIDO, VALDOVIÑO AS SOMOZAS E AS PONTES, O SEGUNDO.

A previsión de localización de parques eólicos na comarca de Ferrolterra, e no noso concello en particular, non se está a levar a cabo tendo en conta as necesidades da comarca, os intereses das comunidades locais, a protección do territorio e o medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias do contorno, nomeadamente o sector primario. Pola contra, prevalecen os intereses de grandes grupos económicos do sector enerxético que teñen unha visión puramente extractivista dos recursos. Por todo isto apostamos de maneira decidida polas enerxías renovables como a eólica, se ben entendemos que a enerxía debe ser considerada como un ben público galego e os seus beneficios deben repercutir no conxunto da veciñanza dos territorios onde se xera. Para iso defendemos a participación pública galega na planificación e desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.

Por outro lado, os avances técnicos nos aerogeradores, como os avances a nivel de normativa europea, nos estándares de protección ambiental, paisaxística e de participación cidadá fan que a lexilación vixente hoxe en día ao respecto e no Plan Eólico de Galicia, do ano 1997 e cunha última modificación no 2002 necesiten unha actualización e adaptación á nosa realidade, que debería recoller as achegas da Administración local, como administración máis achegada aos principais colectivos afectados.

Así mesmo, e de acordo cos estándares ou obxectivos marcados desde a propia UE, debemos ter en conta que no 2019, Galiza produciu o 65% do mix de xeración galega en renovábeis, que vén sendo o dobre do obxectivo que marca a UE para os Estados membros para o ano 2030. Polo que tampouco os datos de produción de enerxía renovábel parecen avalar que sexa agora o momento de impulsar unha carreira de implantación de parques eólicos en Galicia, senón de desenvolver a potencia eólica dun xeito racional, sostible e ordenado

Acollemos explicitamente a demanda que nos traslada a veciñanza e o movemento asociativo así como colectivos afectados que, unha vez consultados os proxectos expostos ao público, trasladan a súa fonda preocupación polo prexuízos e danos que causaría a instalación destes parques eólicos no noso territorio.

Por todo isto, propóñolle ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte declaración institucional:

1.- O Concello de Moeche rexeita a instalación do parque eólico Moeche e do parque eólico Badulaque polos impactos negativos que deles se derivan para o conxunto do territorio e veciñanza do noso concello.

2.- O Concello de Moeche solicítalle á Xunta de Galicia o preceptivo informe de impacto ambiental e que, evidenciando os prexuízos que a instalación do devandito parque suporía para o ámbito do noso concello, emita informe negativo á súa instalación .

3.- O Concello de Moeche insta ao Goberno do Estado para que

a) Denegue a autorización para a construción do Parque Eólico Moeche e do Parque Eólico Badulaque.

b) Paralice todos os proxectos eólicos en tramitación actualmente e, en colaboración coa Xunta de Galicia e respectando as súas competencias propias nesta materia, realice unha valoración conxunta do desenvolvemento eólico para unha planificación adecuada e coordinada na que se teña en conta as achegas da Administración local.

c) Elabore xunto coa Xunta de Galicia unha Planificación Eólica conxunta asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrio, que protexa o patrimonio natural e cultural respectando o desenvolvemento e mantemento de actividades de aproveitamento agrícola, gandeiro e forestal.

d) Informe das axudas outorgadas ou previsto outorgar a Enel Green Power tanto por parte do Goberno español como do Banco Europeo de Investimentos para a posta en marcha do plan industrial de desenvolvemento eólico que configuran os seis parques eólicos de Moeche, Badulaque, Caaveiro, Barqueiro Tesouro e Santuario así como as súas infraestruturas.



4.- O Concello de Moeche poñerá a disposición da veciñanza o asesoramento preciso para defender os seus intereses e inqedanzas ante a implantación de parques eólicos que se consideren abusivos ou prexudiciais para a veciñanza, así como para a elaboración das alegacións necesarias.

Moeche, na data da sinatura electrónica

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

